

- Asesoramento lingüístico ao profesorado, ANPA e PAS que o soliciten.
- Solicitar a colaboración do profesorado no desenvolvemento das actividades propostas, como medio de posibilitar a súa introdución no uso da lingua galega a aqueles que non a utilicen como lingua da actividade docente.
- Aproveitar a oferta cultural que achegue o barrio e a cidade e divulgala entre a comunidade escolar.

-Convidar a toda a comunidade escolar a que participe nas actividades.

-Actividade do grupo de teatro “Teatro da trosma”. A teatral é unha actividade que existe no noso centro desde o nacemento dos EDL. Creouse como un ámbito para a práctica da lingua oral por parte do alumnado. Todos os anos preparan unha obra e cara o final do curso fan varias representacións e participan nos certames do Concello, a Deputación e a Xunta.

*É unha actividade que chega a toda a comunidade escolar, pois as catro ou cinco representacións que realizan para os diferentes niveis están abertas á asistencia das familias e PAS. O curso pasado coa obra **A vida non ten xeito** recibiron o 5º premio na categoría xuvenil do certame **Don Bosco** entre 43 grupos participantes. Un 5º premio supón un grande éxito dado que a obra do noso grupo non se axeitaba exactamente aos criterios de selección do certame, que opta por un teatro máis clásico, mentres que a nosa obra é de creación colectiva.*

*Orzamento solicitado para vestuario, material escenográfico, musical e fotográfico: **500 €***

-Elaboración da revista do centro “Camiño do Corgo”: é tamén esta unha actividade de longa traxectoria, este será o decimoterceiro ano, que ten a finalidade de fomentar a capacidade creativa e a expresiva en galego. O alumnado crea textos da máis variada tipoloxía, está aberto asemade ao deseño e ao cómic, participan bastantes alumnos e alumnas, arredor de vinte, como escritores e debuxantes, ademais dos encargados da maquetación. Está aberto tamén á participación do barrio, pais e PAS coas súas colaboracións.

Elabórase ao longo do curso e publícase en maio. Chega a toda a comunidade escolar e normalmente cada número ten vinte e catro páxinas.

Orzamento solicitado para esta actividade: **500 €**

-Neste novo curso continuarase co traballo iniciado o curso anterior de desenvolver e encher de contidos a páxina web do centro. O EDL colgou os dous últimos números do **Camiño do Corgo**, e este ano escolar irémola dotando asemade de información das actividades.

-Atención á actividade teatral que ao longo do periodo lectivo desenvolva o Forum Metropolitano para asistir con diversos cursos a aquelas representacións de teatro en galego que xulguemos axeitadas e, en xeral, asistencia a espectáculos de cine e teatro en galego, segundo a oferta cultural.

1º trimestre:

-**O Magosto** acompañado de xogos populares como tiro da corda e carreiras de sacos.

-**O festival de Nadal** recital musical e vocal por parte do alumnado e do profesorado

2º trimestre:

-**O Antroido** (concurso de disfraces e manxares propios da época)

-Divulgación, no primeiro trimestre, da figura do **Apalpador**: para dar a coñecer ao alumnado esta figura propia do Nadal galego que agora a nosa sociedade está a recuperar. Esta actividade iniciouse o curso pasado e continuará cunha exposición que realizará 2º de ESO.

-**Recital de poemas de Ramón Cabanillas**. Organízao o profesor Antón Capelán e terá lugar previsiblemente no 3º trimestre

-**Contacontos en inglés e galego** para o primeiro ciclo de ESO. A data de celebración depende da disponibilidad dos actores que realizan esta actividade. Será este o terceiro curso que se celebre.

-**Coloquio literario**: préstamo divulgación e intercambio de obras entre o alumnado de 2º de Bacharelato. Cos libros pequenos e baixo a denominación “Un libro nun día”, cada día lévao e leo unha persoa e pásallo a un compañeiro. Os títulos son *Makinaria*, de Carlos Negro, *Made in Galiza* de Sechu Sende, *Ollos de auga* e *A praia dos afogados*, de Domingo Villar, e clásicos como *Memorias dun neno labrego*, *A esmorga* e *O crepúsculo e as formigas*. Lectura de libros sobre os que despois se debate e dialoga.

-**Conmemoracións presentes no calendario escolar nas que o profesorado realizará as actividades de reforzo da oralidade que se describen máis arriba:**

-25 de novembro: día internacional contra a violencia de xénero.

1-11 Decembro : Constitución e Estatuto

10 Decembro. Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos

30 xaneiro Día da Paz

8 marzo Día Internacional da Muller Traballadora

15 marzo Día Mundial dos Dereitos do Consumidor

8-12 marzo Semana da Prensa

12-30 abril: Día do Libro

7 abril: Día Mundial da Saúde

9 de marzo Día de Europa

16-20 maio:Semana das Letras Galegas

Realiza asemade un certame de **Matmonólogos** e participa na **Olimpíada Matemática**, ademais doutras actividades a desenvolver non fixadas polo de agora.

Ciencias Naturais tamén realiza en galego todas as súas actividades:

Visitas a Nostián, Planetario, Casa das Ciencias, Sotavento, Acuario, Oceanográfico, Centro Meteorolóxico e diversos laboratorios científicos da UDC.

Elaboración de herbarios e maquetas. Relatorios. Participación no “Día da Ciencia na Rúa”, excursións xeolóxicas, participación en campamentos científicos e na VI Olimpíada de Bioloxía, exposición sobre cogomelos e froitos de outono, etc.

Educación Física: observación da natureza de montaña (Ancares e Courel) no outono e na primavera.

Cultura Clásica:

Concurso de Cultura Clásica: cada curso, os departamentos de Linguas Clásicas celebran un **Concurso Intercentros** de preguntas sobre cultura Clásica. Participa o alumnado de ESO.

-Concurso on line de Cultura Clásica **Odisea 2010**, organizado pola SEEC de Galicia. Participan as materias de Latín e Grego e alumnado de ESO e Bacharelato.

-**Actividades da Biblioteca do centro:** formación documental, actividades de animación á lectura aínda por concretar, participación na convocatoria de clubs de lectura: o EDL levará a sección de galego: con grupos de dez alumnos, reunión con eles no centro fóra do horario lectivo para traballar cun libro.

O EDL colabora asemade nas actividades dos departamentos de Orientación e Música,

- **Información sobre a lingua e cultura galegas** para o alumnado francés que realiza un intercambio co noso centro durante o primeiro trimestre. Realiza o traballo o profesor Antón Capelán e mais o EDL.